

## **CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES SANTIAGO BASANTA SILVA DE VILALBA:**

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DA ESO, CRITERIOS DE TITULACIÓN DE BACHARELATO, CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA EN 4ºESO E 2ºBAC.**

*AO ABEIRO DA ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.*

**APROBADOS NO CLAUSTRO CELEBRADO O DÍA 07/04/2022 ÁS 14:15H.**

**MODIFICADOS SEGUNDO A ORDE DO 26 DE MAIO 2023 POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 156/2022, DO 15 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA A AVALIACIÓN NESA ETAPA EDUCATIVA E POLA ORDE DO 26 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 157/ 2022, DO 15 DE SETEMBRO, POLOA QUE SE ESTABLECEN A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA A AVALIACIÓN NESA ETAPA EDUCATIVA.**

## ÍNDICE:

<b>1.ESO.....</b>	<b>pax.3</b>
<b>1.1.Criterios de promoción con máis de dúas materias suspensas.....</b>	<b>pax.3</b>
<b>1.2.Criterios de titulación con materias suspensas.....</b>	<b>pax.4</b>
<b>1.3.Criterios para a concesión da mención da matrícula de honra en 4ºESO..</b>	<b>pax.4</b>
<b>2.BACHARELATO.....</b>	<b>pax.7</b>
<b>1.1.Criterios de titulación con unha materia suspensa.....</b>	<b>pax.7</b>
<b>1.2.Criterios para a concesión da mención da matrícula de honra en 2ºBAC..</b>	<b>pax.8</b>

## ESO

### 1. Capítulo IV, Artigo 28, punto 2 da Orde do 26 de maio pola que se desenvolve o Decreto 157/ 2022

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA PASAR CON MÁIS DE 2 SUSPENSAS:** o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes

- a) *Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.*
- b) *Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición*
- c) *Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.*
- c) *Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación*
- d) *Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.*

**A decisión do equipo docente tomarase mediante consenso, e, se non o hai, mediante votación, estando todo o profesorado obrigado a votar. Se un/unha profesor/a imparte máis dunha materia terá tantos votos como materias imparte, e valerá a maioría simple, é dicir, máis a votos a favor que en contra. En caso de empate decidirá o voto da persoa titora do grupo.**

## **2. Capítulo IV, Artigo 29, punto 2 da Orde do 26 de maio pola que se desenvolve o Decreto 157/ 2022**

**CRITERIOS DE TITULACIÓN PARA A ESO:** *o equipo docente poderá decidir a titulación dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:*

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.*
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.*
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.*

**A decisión do equipo docente tomarase mediante consenso, e, se non o hai, mediante votación, estando todo o profesorado obrigado a votar. Se un/unha profesor/a imparte máis dunha materia terá tantos votos como materias imparte, e valerá a maioría simple, é dicir, máis votos a favor que en contra. En caso de empate decidirá o voto da persoa titora do grupo.**

## **3. Segundo o Capítulo IV, Artigo 31, punto 2 da Orde do 26 de maio pola que se desenvolve o Decreto 157/ 2022, o claustro de profesores do IES Santiago Basanta Silva concretou ditos criterios como procede a continuación:**

**CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA EN 4ºESO:**

Tendo en conta que se pode dar a situación na que o número de alumnos que cumpran o requisito de cualificación recollido no apartado a) supere o máximo

fixado no apartado b), cómpre determinar os criterios para a concesión da mención de matrícula de honra na situación descrita.

En consecuencia, establécense os seguintes criterios para determinar, se fose o caso, a orde de prelación para a concesión da mención de matrícula de honra:

**1.1. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 4º de ESO, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.2. Maior número de materias cualificadas na avaliación final con 10 puntos.**

**1.3. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 4º de ESO, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.4. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de ESO, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.5. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de ESO, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.6. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 3º de ESO, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.7. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 3º de ESO, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.8. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 2º de ESO, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.9. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 2º de ESO, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.10. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 1º de ESO, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.11. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 1º de ESO, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**2. Unha vez aplicados os criterios anteditos, de persistir situacións de empate que superen o máximo establecido, procederase a realizar un sorteo entre o alumnado implicado.**

## BACHARELATO

### 1. Capítulo IV no Artigo 31, punto 1, da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro,

**CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BAC:** con todo aprobado ou *excepcionalmente*, o equipo docente pode decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que o alumno ou a alumna alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumno ou a alumna na materia. **Considerarase inasistencia continuada cando a alumna ou o alumno alcance o cuádruple de faltas inxustificadas que o número de clases semanais da devandita materia. Previamente, ao acadar o 50% desa cifra, o responsable da materia deberá enviar comunicación aos responsables legais da alumna ou alumno, así como a súa persoa titora.**

c) Que o alumno ou a alumna se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. **A realización das probas escritas finais en branco ou se, a xuízo da profesora ou do profesor da materia, as respostas se realizaron só co obxectivo de non deixar a proba en branco, imposibilitarán a titulación na excepcionalidade regulada neste punto.**

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

**A decisión do equipo docente tomarase mediante consenso, e, se non o hai, mediante votación, estando todo o profesorado obrigado a votar. Se**

**un/unha profesor/a imparte máis dunha materia terá tantos votos como materias imparte, e valerá a maioría simple, é dicir, máis a votos a favor que en contra. En caso de empate decidirá o voto da persoa titora do grupo.**

**No caso de que a alumna ou o alumno estea repetindo só con dúas materias, de darse empate na votación, decidirá o voto da persoa titora do grupo.**

**2. Segundo o o Artigo 34, punto 2, da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, o claustro de profesores do IES Santiago Basanta Silva concretou ditos criterios como procede a continuación**

## **CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA EN 2ºBAC**

Tendo en conta que se pode dar a situación na que o número de alumnos que cumpran o requisito de cualificación recollido no apartado a) supere o máximo fixado no apartado b), cómpre determinar os criterios para a concesión da mención de matrícula de honra na situación descrita.

En consecuencia, establécense os seguintes criterios para determinar, se fose o caso, a orde de prelación para a concesión da mención de matrícula de honra:

**1.1. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 2º de BAC, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.2. Maior número de materias cualificadas na avaliación final con 10 puntos.**

**1.3. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 2º de BAC, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**



**1.4. Nota media das cualificacións obtidas na terceira avaliación de todas as materias de 2º de BAC, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.5. Nota media das cualificacións obtidas na segunda avaliación de todas as materias de 2º de BAC, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.6. Nota media das cualificacións obtidas na primeira avaliación de todas as materias de 2º de BAC, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.7. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de BAC, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.8. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de BAC, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.9. Nota media das cualificacións finais de todas as materias de 1º de BAC, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**1.10. Nota media ponderada das cualificacións finais de todas as materias de 1º de BAC, tendo en conta a carga lectiva de cada materia, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.**

**2. Unha vez aplicados os criterios anteditos, de persistir situacións de empate que superen o máximo establecido, procederase a realizar un sorteo entre o alumnado implicado.**